

As migracións femininas na Idade Moderna

Rey Castelao, Ofelia

Universidade de Santiago de Compostela

ofelia.rey@usc.es

RESUMO. Neste texto preséntanse brevemente os problemas de fontes e métodos para o estudo as migracións femininas na etapa pre-estadística, e as dificultades para obter unha imaxe clara das mulleres emigradas –procedencia social, familia, idades, traballo, etc.; faise tamén unha exposición de un caso, o español, que é moi significativo polo impacto da emigración cara América.

PALABRAS CLAVE: migracións, mobilidade, mulleres, Época Moderna

1. – Problemas xerais

Nos últimos anos, a perspectiva feminina no estudo das migracións ten acadado unha notable importancia, aínda que limitada por enormes dificultades para atopar fontes documentais, tanto porque as mulleres eran pouco visibles na documentación en xeral como porque a mobilidade feminina era polo normal de curta e media distancia, precisamente a que máis se esconde á investigación. O certo é que, cando hai fontes, son inconexas, non continuas e pouco homoxéneas. Pero, máis alá destas dificultades, o que se sabe ata agora permite corrixir a idea de que as mulleres da Idade Moderna eran moi sedentarias, en especial nas zonas de forte emigración masculina, onde elas tiñan que asumir a responsabilidade laboral e familiar dos homes.

No caso da monarquía hispánica, as pescudas sobre migracións femininas teñen empregado os rexistros de saída cara América ou os expedientes de campañas oficiais de colonización, que son fontes directas, aínda que deixan fora a migración clandestina, e sobre todo, os censos de poboación, os arquivos parroquiais e municipais, os rexistros de hospitais, as listas fiscais, etc., que deixan obter cifras aplicando métodos complexos; e tamén se empregan fontes narrativas como as leis civís e eclesiásticas, escrituras notariais, cartas, informes ou libros de viaxeiros, que aportan datos significativos. Cruzando esas fontes, pódese obter unha idea da duración, distancia e causas da mobilidade e dos caracteres das emigrantes, pero aínda hai moito por facer, faltando, por exemplo, historias de vida ou estudos de redes migratorias, e aínda falta un bo estudo comparativo entre territorios diferentes ou similares nos seus caracteres xeográficos, demográficos e familiares, na súa organización social e de propiedade e explotación da terra, as actividades non agrarias, etc. Finalmente, é fundamental estudar ás emigrantes con respecto ás súas familias -posición xerárquica, participación no traballo, lugar na sucesión hereditaria-, e

á súa comunidade –posibilidades de casarse, acceso ao patrimonio comunal ou ao mercado laboral local-, todo o cal resulta complexo.

O que queda claro e que na Idade Moderna, como agora, ao falar de migracións as estruturas demográficas e familiares tiñan nas mulleres unha gran influencia pero elas estaban sometidas ademais a outros factores económicos, sociais e culturais que no influían nos homes, e, á inversa, elas non sufrían, por exemplo, os efectos da presión do servizo militar, que era unha causa frecuente de fuxida de homes novos.

Para as mulleres, quedar na casa era un valor social, no que se mesturaban limitacións sociais, morais e legais, de forma que eran sempre máis sedentarias a escala da comunidade e se movían máis na curta que na larga distancia. Pero en moitos territorios, a emigración era un factor esencial na estratexia de reprodución e supervivencia de moitas familias, o que podía afectar a homes e a mulleres, dependendo dos que houbera na casa en idade laboral. As mulleres estaban moi limitadas por responsabilidades, obrigas e sentimentos que dificultaban a marcha ou que anulaban a necesidade ou a vontade de irse. Cando tiñan decidido emigrar, a familia e a comunidade eran fundamentais para protexelas na viaxe e no lugar de acollida, en especial onde xa había parentes ou veciños, aínda que na maior parte dos casos a emigración feminina era temporal e non cortaba os lazos coa familia.

O marco legal reforzaba a estabilidade das mulleres de dúas formas: pola súa dependencia xurídica dos homes –pai, marido, irmán maior- tiñan que pedir permiso para marchar –isto non afectaba ás solteiras libres e ás viúvas- e porque as prevencións sociais adoitaron forma legal. Así por exemplo, na España do século XVI as mulleres solteiras tiñan impedido ir a América fora dunha familia, e no XVIII as asturianas, galegas, etc., tiñan prohibido ir nas cuadrillas que ían a Castela á sega, en xeral porque causaban escándalo. A lei, pola contra, podía obrigalas a marchar: por exemplo, os homes casados que emigraban a América tiñan que levar ás súas mulleres e fillas; unha vez alí, a lei regulaba a súa vida e as protexía si quedaban viúvas ou orfas.

O matrimonio implicaba moitas veces que as mulleres se trasladaran a vivir á casa do marido, pero isto non era propiamente migración, xa que normalmente a distancia entre a nova casa e a paterna era curta, pero neste había moita variedade de comportamentos. Cando a distancia superaba os 25 quilómetros, isto marcaba unha drástica diminución do contacto coa familia de orixe polo que para elas era, en efecto, unha migración.

En canto aos sistemas de herdanza, algúns parecen inducir á emigrar. Na Europa occidental era socialmente importante reter aos fillos, pero iso dependía da estrutura da familia e das súas condicións de vida. Nas zonas de reparto igualitario da herdanza e patrón de residencia neolocal, o orde de nacemento era indiferente para irse ou non de casa; si o patrimonio se repartía ao morrer os pais, isto retardaba as vodas dos fillos, pero si o novo matrimonio se facía a partir do dote e construíndo una casa por simple división ou ampliación da paterna, o casorio adiantábase –era así en Castela a Nova, por exemplo-. Reparto igualitario, familias nucleares e baixa

idade de matrimonio ían da man; pero os dotes mediocres obrigaban as mulleres a marchar as vilas para servir e xuntar cartos; no era o sistema familiar, era a escaseza de renda agraria o que impulsaba a facelo. Na familia de tipo troncal, o herdeiro ou herdeira, que recibía toda ou gran parte da herdanza, casaba pronto e non deixaba a casa: eran os irmáns seguintes os que o tiñan que facer si querían casar ou independizarse; era frecuente que o solteiro ou solteira se sacrificara para que no se partiran as terras, pero si emigraban para volver con diñeiro, abríaselles a posibilidade de casarse. A medio camiño estaban as zonas de mellora curta en favor dun fillo ou dunha filla, xa que precisaban emigrar para completar recursos, pero este modelo tamén permitía que houbera moitos fogares de solteiras independentes que sobrevivían grazas as súas lexítimas, facendo algún traballo téxtil ou complementario ou, as veces, marchando por varios meses para traballar.

Moitas mulleres non podían irse da casa porque eran imprescindibles nas tarefas agrarias, sobre todo en territorios como Galicia, de agricultura mixta de subsistencias, e máis onde había unha forte emigración de homes. Pola razón contraria, as mulleres de zonas rurais de inmigración temporal tiñan máis posibilidades de casar –incluso as viúvas-, o que reducía o celibato e a necesidade de ir as vilas a buscar marido; isto deuse en Castela ou Andalucía na Idade Moderna.

Un elemento que evitou que moitas tiveran que marchar lonxe para buscar recursos foi a proto-industria téxtil. A dedicación industrial era máis frecuente nas familias de campesiños sen terra e nas que tiñan pouca e os ingresos eran insuficientes para vivir, que polo xeral esixían que parte dos membros emigraran ou traballaran a xornal: a manufactura feminina converteuse nunha axuda máis e incluso lles facilitou a algunhas adiantar as súas vodas. No caso español, isto deuse en zonas de matrimonio tardío e celibato alto, onde se desenvolveu entre mulleres de familias de clases medias as que no se deixaba formar un fogar independente e entre as mulleres independentes que vivían dunha herdanza curta. Iso non quita que a industria doméstica feminina fixera necesarios os desprazamentos das mulleres para vender os seus produtos. Cando esta industria non puido resistir a competencia da industria moderna, acabou provocando paro e emigración feminina.

Para cada argumento a favor de quedarse podemos opoñer outro que propiciaba a migración, pero isto induce a moitas preguntas que teñen resposta fora das estruturas demográficas e familiares ou que teñen varias respostas posibles. Nos homes era moi importante ter en consideración a diferenza entre o ingreso ao que estaban condenados si no marchaban e o que podían conseguir a curto prazo si o facían; isto era fundamental en momentos de crise xeral nas zona de partida ou nas propias familias. No caso das mulleres, este cálculo é menos claro, pero apréciase na emigración ás vilas, a onde ían sobre todo as máis novas buscando só mellorar de condición ou cambiar de estado civil, pero o certo é que había una intensa emigración de mulleres de sectores míseros aos núcleos urbanos que escondía a busca de axuda: eran pobres e vagabundas, con o sen fillos, que ían aos hospitais e centros de asistencia; e moitas mulleres de grupos sociais pobres ou medios, facíanlo simplemente para ocultar un embarazo. Cun pouco de sorte, isto último podía ser unha forma de achegar recursos, entrando como amas de cría dos nenos das mulleres de clases acomodadas.

Nas migracións masculinas, sobre todo nas de longa distancia, influían as informacións de enriquecemento e de promoción fácil, pero isto actuaba menos sobre as mulleres, que adoitaban ter aspiracións máis modestas, por exemplo, entrar por matrimonio ou por traballo en grupos un pouco mellor situados que os seus, pero non era fácil. Para prosperar, era positivo saber ler e escribir, o que se nota moito nos homes, en especial si marchaban a cidades grandes ou a América, pero a relación distancia/alfabetización era menos clara nas mulleres, entre as que o analfabetismo era case xeral e non era habitual que emigraran a moi lonxe; aínda máis, en zonas de alta emigración, onde a alfabetización masculina mellorou, a escolarización feminina veuse prexudicada polo feito de que as nenas eran necesarias para traballar; habería que engadir o problema lingüístico, que afectaba a galegas e vascas emigradas as cidades de Castela, xa que lles supoñía desprezo social.

Pobres e ignorantes, as mulleres que emigraron a Madrid e a outros núcleos importantes para seren criadas ou amas de cría, eran recrutadas por "axentes", como reflicte a literatura xa no século XVII; as redes de captación eran as mesmas que as de compravenda de alimentos ou de combustible, pero funcionaban tamén as que asociaban irmáns maiores e pequenas, tías e sobriñas, fundamentais na orientación profesional das recen chegadas.

Todo emigrante marcha coa ide de retornar, pero entre as mulleres isto é máis intenso. O ritmo temporal das migracións femininas era en xeral curto e pre-matrimonial, pero podía alongarse ou facerse definitivo si casaban ou se integraban no lugar de acollida, ou si fracasaban, que non era raro, e quedaban vivindo nas cidades, soas ou con compañeiras. De retorno era a mobilidade das amas de cría casadas, que ían a núcleos grandes como Madrid por dous ou tres anos e volvían as súas casas despois con cartos para resolver os problemas das súas familias; esta era unha estratexia de gran importancia para as mulleres do Norte, en especial as cántabras do Val do Pas.

As fronteiras políticas eran un atranco para a emigración de homes, xa que podía ocultar a fuxida de obrigas militares ou fiscais, pero nas mulleres non había estes factores, polo que, por exemplo, non foi raro que as galegas foran a traballar a Portugal, sobre todo a Lisboa ou Porto, facendo o mesmo que facían nas cidades de Castela. A distancia era un problema secundario cando facía falta diñeiro: na maioría das migracións femininas eran de curto alcance, pero as segadoras que ían de Galicia ou Asturias a Castela ou as amas de cría que pasaban de Cantabria a Madrid ou Granada, facían a pe centos de quilómetros e volvían ao cabo o de varios meses ou anos e incluso o repetían, sen atender ás normas que pretendían impedirlo. A posibilidade de viaxar en barco facilitou o paso de mulleres a América, en especial das andaluzas, estremeñas e canarias nos séculos modernos.

Por outra banda, é preciso recoñecer que as migracións femininas foron na súa maioría derivadas do reparto da herdanza ou da superpoboación, temporais e a sitios coñecidos, lonxe ou non, onde se requiría man de obra pouco ou nada cualificada, e variaban segundo a fase ou ciclo de vida da muller. As mulleres ían sobre todo as vilas, pero non se ten valorado na súa

verdadeira importancia os desprazamentos temporais das mulleres no ámbito rural para intervir en traballos agrícolas, que eran moi frecuentes –por exemplo, ás segas en Castela- e nas migracións internacionais, aínda que foron relevantes cando a migración se facía en grupo ou era organizada, como nos procesos de colonización en América, nos que se procuraba mandar familias enteiras.

2. – Un exemplo práctico

De forma específica, pódese afirmar que o caso de España é una síntese de todos os modelos posibles. Ao longo da Idade Moderna, os ritmos de crecemento demográfico foron moi diferentes, afondándose a diferenza entre un interior pouco poboado e unha periferia superpoboada, actuando as migracións internas como re-distribuidoras e América como receptora xeral do excedente. Neste contexto, as migracións femininas responderon aos problemas que xa se comentaron a título xeral e o seu comportamento dependeu das épocas.

A colonización de América provocou inicialmente unha emigración masculina a partir de zonas sen tradición migratoria –as do Sur da Península-, pero tamén un movemento de familias completas que foi esencial para a organización da sociedade americana. A política da monarquía buscou a estabilidade dos colonizadores e evitar a ruptura das familias de orixe; o envío de grupos domésticos eran fundamental, en especial os de agricultores e artesáns, tanto para ocuparse de actividades económicas de gran interese como para limitar a mestizaxe e impoñer o sistema familiar cristián. Por iso, unha lei dos Reis Católicos de 1497 favoreceu o paso de mulleres e en 1513 e sobre todo a partires de 1546, a monarquía obrigou aos homes casados levar ás súas mulleres ou a reclamalas, o que se repetirá en 1549 e 1681; pola contra, Carlos V prohibiu en 1539 o paso de mulleres solteiras –aínda que logo permitía que foran grupos de mulleres destinadas a casarse con colonizadores-, una prohibición confirmada por Felipe II. O número de mulleres que fixeron a viaxe foi escaso ata 1540: eran o 6,3% dos pasaxeiros a Indias antes de esa data, pero pasaron ao 16,4% en 1540/59, 28,5% en 1560/79 e 26% 1580/99, aínda que o máximo deuse en 1560/79, pasando neses anos máis de 5000, para baixar logo a menos de 2.500 no último tramo do XVI. As mulleres que se embarcaron para América eran na maior parte casadas, reclamadas polos seus maridos, ou viúvas nais de poboadores, e aínda que figuran un 60% de solteiras, eran sobre todo nenas fillas de esas familias. Por procedencia, eran andaluzas entre o cincuenta e o sesenta por cento; de Castela-A Mancha sobre un 15% e un pouco menos de Estremadura. E dicir, era unha emigración propia do Sur, das mesmas zonas de emigración masculina porque a propaganda oficial para levar xente de territorios do Norte, caracterizados por una forte emigración non deron resultado, xa que non estaban acostumados a emigrar en familia.

No século XVII a emigración a América redúcese e cambia, e Andalucía e Estremadura mandan cada vez menos familias e, polo tanto, menos mulleres. No XVIII vólvese a recuperar o ritmo de saídas grazas a que o custe da viaxe descendeu, as redes migratorias funcionan mellor e

o Estado revitalizou a colonización de zonas importantes no económico o militar; por lo tanto, aumenta la presenza de mulleres en las saídas legais : en 1765/84 tense controlado o paso de 2722, o 15.8% do total, do que o 50.9% casadas, 43.5% solteiras, 5.6% viúvas, proporcións diferentes as masculinas, xa que o 80% de home eran solteiros. O modelo de emigración familiar foi esencial para as expedicións de colonización, cubertas sobre todo con familias canarias, recrutadas por la monarquía dende fins do XVII, de do Noroeste –Galicia, Asturias-, a partires de 1768. Pero haberá que esperar á segunda metade do século XIX para que as mulleres foran un continxente importante da emigración a América.

Moi importantes eran as migracións interiores, as máis difíciles de estudar. Cando as mulleres rurais precisaban traballar fóra da casa, facían como criadas ou a xornal en áreas tamén rurais. Para facelo a xornal, no País Vasco e Navarra consta que moitas mulleres solteiras ou casadas novas saían da casa para espadar liño, segar ou vendimar, aínda que se consideraba pouco recomendable para a súa honra e pouco rendible economicamente, pero para elas era importante para xuntar cartos. Como xa dixemos, as galegas ían a Castela para traballar a xornal nas segas, xunto con grupos de segadores, nos que en 1746 Frei Martín Sarmiento chega a calcular que constituían un terzo dos compoñentes deses grupos e que repetían as viaxes por varios anos sen atender ás prohibicións: en 1747 a Real Audiencia de Galicia tratou de impedir que foran as solteiras, pero en 1762, ante a demanda de traballadores en Castela, foi preciso deixar que foran as mulleres, fillas e irmáns dos segadores.

A fórmula máis xeral ir a traballar no servizo doméstico para reunir diñeiro e casar ou para axudar as familias, aínda que no caso español, isto non chegou a constituír un sistema de vida como en outros países, porque onde había grandes propiedades preferían xornaleiros. Aínda así, en moitas zonas agrícolas contratábase criadas: nos séculos XVI e XVII tense calculado que o 25% das casas da Castela rural tiñan criados, dos que o 40% eran mulleres; en Murcia no XVIII eran o 15.4% das casas os que os tiñan, e o 26% eran mulleres que entraran a servir con once ou doce anos a cambio de alimento, vestido e aloxamento; en Galicia, onde en 1752 os criados eran o 3.4% de la poboación, máis do 70% eran mulleres que entraban de nenas e o deixaban antes dos 30 anos; na mesma época, en Navarra o servizo era do 6% ao 12% e tres cuartas partes das criadas tiña menos de 25 anos.

Pero, claro, a opción preferida das mulleres era servir por un tempo nunha vila, o que dependía de si había algunha cerca da casa familiar capaz de acoller mao de obra. En realidade, aínda en 1787, só un 12% de poboación de España vivía en núcleos de máis de 10.000 habitantes, concentrándose as máis populosas no Sur, mentres que no Norte eran moi pequenas, de forma que moitas mulleres de Galicia, Asturias, Cantabria ou País Vasco tiveron que buscar traballo en vilas de Castela e de Andalucía. Madrid foi un lugar de acollida case constante, tanto polo seu crecemento demográfico -de 130.000 habitantes en 1730, a 175.000 en 1787- como pola súa composición social -nobreza abundante, profesións liberais, burocracia, comerciantes, industriais, etc.-, e por iso era o destino preferido xa no século XVII, aínda que alí foran vítimas de prevencións sociais: galegas e asturianas aparecen na literatura do Século de Ouro -Lope

de Vega, Cervantes, Quevedo- traballando como criadas, lavadeiras ou mozas de pousadas, criticadas por brutas e pouco limpas, e propensas ao roubo e á prostitución. Apesares disto, no XVIII aumenta achegada de mulleres a Madrid, onde en 1787 se contaron 17.273 criados e criadas, o 12% de la poboación; unha parte eran amas de cría que chegaban das provincias de Madrid, Cuenca, Toledo, etc e cada vez máis de Cantabria, Asturias, Galicia, León, sendo nestes casos, como se dixo, mulleres casadas que deixaban aos seus fillos nas aldeas, volvendo ao cabo de dous ou tres anos.

Finalmente, debe terse en conta que a emigración masculina foi determinante nas diferenzas territoriais, xa fose estacional, plurianual ou definitiva. No Norte peninsular, as mulleres asumiron a responsabilidade da familia, pagaban impostos e rendas, compraban e vendían, interviñan nas actividades colectivas, e facían o traballo d aterra e do gando. Para cubrir o déficit familiar, os segadores e traballadores da viña galegos, asturianos, cántabros e vascos, de maio-xuño a outubro baixaban a Castela, cargados cos produtos feitos por eles e as súas mulleres. Canteiros, carpinteiros, zapateiros, curtidores, cesteiros, telleiros, etc., ou os que se aplicaban ao comercio ambulante e ao transporte, alongaban as súas ausencias, polo que a carga de traballo feminina, tamén medraba. E aínda máis si a emigración era por varios anos, como pasaba no caso dos homes do Norte que ían por varios anos e varias veces ao longo da súa vida a Andalucía. Pero o efecto máis drástico era o das migracións de ciclo amplo ou as de tipo permanente, xa que era nas mulleres as que acabaron sostendo o sistema, como sucedeu nas Illas Canarias ou en Galicia, adiantando o que ía pasar no século XIX.

Bibliografía

Hernández Borje, Julio e González Lopo, Domingo L. Eds. (2008): *Mujer y emigración, una perspectiva plural*, Universidade, Santiago de Compostela.

Eiras Roel, Antonio e Rey Castelao, Ofelia (eds.) (1994): *Migraciones internas y medium-distancia en la Península Ibérica, 1500-1900*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

Rey Castelao, Ofelia (2009): "L'effet des régimes démographiques et des systèmes familiaux sur la participation aux flux migratoires", en Oris, Michel e outros, Eds., *Une démographie au féminin. A female demography. Risques et opportunités dans le parcours de vie*, Peter Lang, ed. Berna, pp. 25-62.

Rey Castelao, Ofelia (2006) : «Les femmes seules du Nord-Ouest de l'Espagne : trajectoires féminines dans un territoire d'émigration, 1700-1860», *Annales de démographie historique*, n. 112, pp. 13-30.

Rey Castelao, Ofelia (2012): «Mujeres, trabajo y migraciones urbanas en la España de la segunda mitad del siglo XVIII», *Revista de Historiografía*, 16, pp. 44-60.